

ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA, PARA OS EFECTOS DO ABANDONO PARCIAL DA PRODUCCIÓN DE LEITE

D/Dª	<input type="text"/>	, con NIF/CIF	<input type="text"/>
e endereço en	<input type="text"/>		
provincia	<input type="text"/>	, e localidade	<input type="text"/>
<p>Como produtor de leite con cantidade de referencia e para os efectos do previsto na modificación do Real decreto 347/2003, sobre regulación do sistema de xestión da cota láctea, na Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, e na orde da Consellería do Medio Rural do 18 de decembro de 2006 sobre abandono parcial da produción de leite</p>			
DECLARA:			
Que abandona	<input type="text"/>	kg de cantidade de referencia tal como indica na solicitude.	
En _____,			

Orde do 18 de decembro de 2006 pola que se establecen para a campaña 2006/2007 os procedementos de xestión de solicitudes de adquisición de cota ao Banco coordinado de cotas lácteas e da asignación da reserva.

O Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, regula o sistema de xestión da cota láctea e os tipos e condicións para os movementos de cota entre as explotacións.

Este real decreto foi modificado entre outros polo Real decreto 1540/2006, do 15 de decembro, que crea o Banco de cotas lácteas como un instrumento cuxa regulación se integra dentro do propio Real decreto 347/2003 e, a través do cal se poden facer tanto asignacións de cota directas como logo de pagamento.

Ademais, o propio Real decreto 1540/2006 polo que se modifica o Real decreto 347/2003, inclúe a convocatoria para asignación de cantidades de referencia logo de pagamento e directamente da reserva a través do Banco de cotas.

De acordo co anterior, o obxecto da presente orde é establecer as condicións e procedemento para a adquisición de cantidades de referencia do banco coordinado de cotas lácteas e para a asignación de cantidades da reserva nacional, no marco do establecido no Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota láctea, e do real decreto polo que se modifica o anterior, e se instrumenta a asignación de cantidades de referencia do banco e da reserva para o período 2006-2007.

Ao abeiro do disposto no Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural, correspóndelle á Dirección Xeral de Estructuras e Infraestruc-

turas Agrarias a xestión das cantidades de referencia de leite das explotacións situadas en Galicia.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente orde establece para a campaña 2006/2007 os procedementos de xestión de solicitudes de adquisición de cota ao Banco coordinado de cotas lácteas, así como o procedemento de valoración e clasificación das solicitudes de asignación da reserva segundo o disposto no artigo 33 sexies do Real decreto 1540/2006 polo que se modifica o Real decreto 347/2003 de xestión de cota láctea.

Artigo 2º.-Cantidades existentes e prezo.

1. De conformidade coa disposición adicional segunda do Real decreto 1540/2006 polo que se modifica o Real decreto 347/2003, esta convocatoria nutrirase das cotas que foron obxecto de abandono indemnizado en virtude da Orde APA/2914/2006, do 21 de setembro, así como da convocatoria extraordinaria regulada na disposición adicional primeira do devandito Real decreto 1540/2006, e demais cantidades que poidan existir na reserva no momento de ditarse as resolucións.

2. Segundo a citada disposición adicional, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación asignará as cantidades indicadas no artigo 33 quinquies.5 do Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, de forma que todas as explotacións que cumpran os requisitos e criterios de prioridade poidan recibir unha asignación de cota, independentemente da comunidade autónoma onde estean situadas.

3. O prezo de adquisición das cantidades do banco establécese en 0,27 euros/quilo. O resto das can-

tidades asignadas faranse de forma gratuíta e terá a consideración de cota da reserva nacional.

Artigo 3º.-Contido de materia graxa.

1. O contido representativo de materia graxa ou graxa de referencia das cotas para entrega a compradores asignadas no banco será o da media ponderada dos contidos en graxa das cotas abandonadas no programa de abandono do período 2006/2007, e así se deberá ponderar no contido representativo de materia graxa do gandeiro beneficiario.

2. As asignacións da reserva nacional non modificarán o contido representativo da materia graxa do produtor beneficiario.

Artigo 4º.-Limitacións.

1. As cantidades asignadas terán efecto no período de taxa 2006/2007, excepto aquelas cantidades correspondentes ás entregas certificadas e, se for o caso, as vendas directas declaradas polos beneficiarios do programa de abandono dos cales se nutra o banco ata o momento de facer efectivo o abandono, que terán efecto no período 2007/2008.

2. Os beneficiarios da cota adquirida logo de pagamento do banco están suxeitos ás limitacións establecidas nos números 2 a 4 do artigo 22 do Real decreto 347/2003.

3. Os beneficiarios da asignación gratuíta de cotas a través do banco están suxeitos, ademais, ás limitacións establecidas nos artigos 22.1º e 23 do citado real decreto.

Sección primeira

Adquisición de cota logo de pagamento do Banco coordinado de cotas lácteas

Artigo 5º.-Beneficiarios e requisitos.

Poderán ser beneficiarios do banco, logo de pagamento do importe correspondente, aqueles produtores que o soliciten e sexan titulares dunha explotación gandeira nesta comunidade autónoma e reúnan os requisitos establecidos no artigo 16 do Real decreto 347/2003, modificado polo Real decreto 1540/2006, e que se recollen deseguido. Só se admitirá unha solicitude de cota por explotación:

a) Non se ter acollido aos programas de abandono definitivo da produción de leite financiados con cargo a fondos da Unión Europea, nacionais ou autonómicos.

b) Non ter transferido cota nos períodos 2004/2005, 2005/2006 e 2006/2007.

c) Que, no último período, a suma das entregas e vendas directas de leite e produtos lácteos, así como das cotas cedidas temporalmente, sexa, polo menos, do 90 por cento da cota que tivese asignada no mesmo. A concorrencia dos casos de forza maior e excepcionais, subliñados nas alíneas l) e m) do artigo 2 do Real decreto 347/2003, non exime do cumprimento deste requisito.

d) Que cumpran as exixencias de calidade do leite de acordo cos parámetros establecidos no número 3

do punto III (criterios relativos ao leite cru) do capítulo I (produción primaria de leite cru) da sección IX (leite cru e produtos lácteos) do anexo III do Regulamento (CE) nº 853/2004, do Parlamento europeo e do Consello, do 29 de abril do 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, segundo os resultados analíticos do último mes anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes. No referente á presenza de residuos de antibióticos, deberá cumprirse o requisito de non terse detectado a presenza de residuos de substancias farmacoloxicamente activas nas análises realizadas durante os tres meses anteriores á data de terminación do prazo de solicitude.

e) Non ter renunciado á asignación de cota procedente da última convocatoria de repartición da reserva nacional.

f) No caso de terlle solicitado cota ao Fondo nacional coordinado de cotas lácteas no mesmo período ou no anterior, non ter incumplido a obriga de depositar a cantidade correspondente no prazo establecido neste real decreto.

g) Non ser excluídos de asignación de cotas procedentes da reserva nacional por unha declaración falsa ou incorrecta por negligencia grave nalgunha das tres últimas convocatorias.

h) Non ter sido excluídos dos programas de saneamento gandeiro oficial por causas atribuíbles ao interesado.

i) Que en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o cal se solicita a asignación de cota da reserva nacional, o interesado fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de residuos de substancias prohibidas en virtude dos reais decretos 1373/1997, do 29 de agosto, ou 2178/2004, do 12 de novembro, polos que se prohibe utilizar determinadas substancias de efecto hormonal e tireostático e substancias beta-agonistas de uso na cría de gando, nin fose sancionado pola presenza no seu gando ou explotación de substancias ou produtos non autorizados ou de substancias ou produtos autorizados, pero en posesión ilegal na súa explotación.

j) Non ter sido sancionado por falta moi grave, en ningún dos tres anos anteriores a aquel para o cal se solicita a asignación de reserva, por incumplimento do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, ou do Real decreto 348/2000, do 10 marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.

k) Non ter sido sancionado por falta moi grave en ningún dos tres períodos anteriores ao da solicitude de cota da reserva nacional en materia de identificación animal.

l) Non encontrarse o titular da explotación en situación de xubilación.

m) Ser titular dunha explotación gandeira rexistrada de acordo co disposto no Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

Artigo 6º.-Baremo.

As solicitudes presentadas ao abeiro desta orde, para os efectos da obtención de cantidades de referencia do banco, serán valoradas de acordo cos criterios e orde de prioridade establecidos nos seguintes números:

1. Baremo de puntuación das solicitudes.

a) Tres puntos por ser titular dunha explotación agraria familiar ou asociativa que, á finalización do prazo de presentación de solicitudes, teñan a consideración de prioritarias de acordo cos requisitos establecidos polos artigos 4 a 6 da Lei 19/1995, do 4 de xullo.

A acreditación da condición de explotación prioritaria para estes efectos realizarase da forma prevista no artigo 16.3º da citada lei.

b) Dous puntos por ter a condición de agricultor profesional, segundo se define no artigo 2 n).

Esta puntuación será incompatible coa obtención dos tres puntos previstos na alínea a).

c) Tres puntos por ter obtido, nalgún dos tres anos inmediatamente anteriores á data da solicitude de asignación de cota, algunha axuda oficial das previstas nos números 1º, 3º ou 4º seguintes, ou cinco puntos se se refire ao número 2º:

1º A prevista no artigo 3.1º a) do Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

2º As que poidan obterse de acordo cos preceptos relativos a instalación de agricultores mozos dos Regulamentos (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, o (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, relativo a axuda do desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), segundo proceda.

3º As previstas nas alíneas d), g) e h) do artigo 3.2º do Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

4º Calquera outra axuda da mesma natureza concedida ao abeiro da normativa derogada polas disposicións aludidas anteriormente.

d) Tres puntos por ter a condición de agricultor mozo, segundo se define no artigo 2 ñ).

As explotacións asociativas poderán obter a puntuación das alíneas b) e d) cando, polo menos, o 50 por cento dos socios que as integran cumpran a condición establecida en cada un deles.

f) Dous puntos por estar situada a explotación en zona desfavorecida ou de limitación ambiental específica, das contempladas no capítulo V do título II

do Regulamento (CE) nº 1257/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, no non derogado polo Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro de 2005, ou por estar situada a explotación nunha zona da Rede Natura 2000, conforme o establecido no devandito regulamento.

g) Un punto por comprar cota a través de transferencia nos últimos dous períodos.

h) Un punto por estar integrado nun núcleo de control leiteiro.

i) Un punto por ser titular dunha explotación gandeira cualificada como B4 (oficialmente indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose), ou B3 (indemne de brucelose) e T3 (oficialmente indemne de tuberculose), segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro, polo que se regulan os programas nacionais de erradicación de enfermidades dos animais.

j) Un punto por ser membro e entregar todo o leite producido, desde o último 1 de abril, a unha cooperativa ou sociedade agraria de transformación dedicada á comercialización ou transformación de leite que estea autorizada como comprador de leite no réxime da taxa suplementaria da cota láctea.

k) Un punto se a explotación do solicitante pertence a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.

l) Un punto por estar inscrito nunha denominación de calidade ou indicación xeográfica protexida ou similares relativas a leite ou produtos lácteos.

m) Un punto por ser una explotación asociativa das contempladas no artigo 2 o).

n) Un punto no caso de que o titular ou cotitular da explotación sexa muller. Se se trata dunha explotación asociativa, cando polo menos o 50 por cento dos socios que a integran sexan mulleres.

2. Serán atendidas, en primeiro lugar, as solicitudes correspondentes ás explotacións que cumpran os criterios de valoración por orde de prioridade seguinte.

a) Que se trate de produtores que, nalgún dos 3 anos anteriores á solicitude, teñan concedida unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de acceso á titularidade exclusiva.

b) Que se trate de produtores, que nalgún dos 2 anos anteriores á solicitude, teñan concedida unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de:

1º Acceso á titularidade compartida ou á cotitularidade.

2º Integración como socio nunha entidade asociativa.

Entenderanse cumpridos os criterios de valoración anteriores se o interesado solicitou no ano en que

se efectúa a convocatoria unha axuda á primeira instalación de agricultores mozos, sempre que a axuda lle sexa finalmente concedida. Noutro caso, a asignación resolverase por falta de eficacia.

c) Que se trate de produtores que, nalgún dos 2 anos anteriores á solicitude, teñan concedida unha axuda aos investimentos nas explotacións agrarias mediante plans de mellora dos previstos no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño.

d) Que a solicitude corresponda a explotacións que nos 2 últimos anos se constituísen como explotacións asociativas segundo se define no artigo 2 o).

En todo caso, serán explotacións de nova formación creadas por achega de cota de máis dun gandeiro, sen que se consideren, para os efectos deste artigo, as explotacións resultantes da transformación ou fusión doutras desas características xa existentes.

Terán preferencia para a asignación de cota as solicitudes en que concorran o cumprimento do criterio establecido na alínea a), ordenadas, pola súa vez, segundo cumpran algún outro criterio ou só ese; despois, atenderanse do mesmo modo as que cumpran o criterio sinalado na alínea b); despois, as da c) e, por último, as que só cumpran o criterio establecido na alínea d).

3. Dentro de cada un dos grupos en que se ordenen as solicitudes conforme o número anterior, estas atenderanse segundo o cumprimento dos seguintes criterios, expresados por orde de prioridade:

a) Ter unha cota asignada á finalización do prazo de presentación de solicitudes inferior á cota media da comunidade autónoma en que radique a súa explotación.

b) Ser unha explotación asociativa. Dentro destas, terán preferencia as de maior antigüidade sobre as máis recentes.

c) Ser unha persoa física. As solicitudes destas ordenaranse de menor a maior idade.

Artigo 7º.-Procedemento de asignación.

1. Atenderanse, en primeiro lugar, as solicitudes correspondentes ás explotacións que cumpran os criterios e orde de prioridade establecidos nos números 2 e 3 do artigo 33 quinquies do Real decreto 1540/2006.

2. A cantidade máxima que se asignará por cada ATP será a seguinte:

a) Os solicitantes cunha cota asignada á data do 1 de abril de 2006 inferior ou igual a 150.000 quilogramos recibirán 15.000 quilogramos para o primeiro ATP, 12.500 quilogramos para o segundo e 10.000 quilogramos para o terceiro.

b) Os solicitantes cunha cota asignada á data do 1 de abril de 2006 superior a 150.000 e inferior ou igual a 250.000 quilogramos recibirán 12.500 quilogramos para o primeiro ATP, 10.000 quilogramos para o segundo e 7.500 quilogramos para o terceiro.

c) Os solicitantes cunha cota asignada á data do 1 de abril de 2006 superior a 250.000 quilogramos recibirán 10.000 quilogramos para o primeiro ATP, 7.500 quilogramos para o segundo e 7.500 quilogramos para o terceiro.

Estas cantidades incrementaranse un 10% no caso de que o ATP sexa un agricultor mozo e outro 10% adicional de que o ATP sexa muller e en ambos os dous casos se cumpran as condicións descritas nos puntos a) e b) do artigo 6 punto 2. O incremento aplicarase sucesivamente a cada cantidade empezando no primeiro ATP. Considérase un máximo de 3 ATP por explotación.

No caso de existir cota sen asignar unha vez efectuada a repartición, poderanse incrementar, en primeiro lugar, ata un 50% as cantidades asignables das solicitudes de agricultores mozos cunha cota inferior ou igual a 150.000 kg e, de seguir existindo cota sen asignar, repartirase proporcionalmente empezando polas solicitudes do punto a), b) e c) sucesivamente.

Sección segunda

Asignación de cota gratuíta da reserva xestionada a través do banco coordinado de cota láctea

Artigo 8º.-Beneficiarios e requisitos.

Poderán ser beneficiarios da asignación gratuíta do banco aqueles produtores que o soliciten e que ademais de cumprir os requisitos establecidos no artigo 16 do Real decreto 347/2003 modificado polo Real decreto 1540/2006, e que se recollen no artigo 5 desta orde, cumpran tamén os seguintes:

a) Ter asignada unha cota á finalización do prazo de presentación de solicitudes inferior a 220.001 quilogramos por explotación.

Esta cantidade mínima computarase por socios ATP no suposto de explotacións asociativas e por ATP existentes na explotación, cun máximo de dous, se o titular é unha persoa física.

b) Ser titular dunha explotación gandeira cualificada como B3 T3 ou B4 T3, segundo o previsto no Real decreto 2611/1996, do 20 de decembro.

c) Reunir algún dos criterios descritos no número 2 do artigo 6 da presente orde.

Artigo 9º.-Procedemento de asignación.

1. Valoraranse as solicitudes que cumpran os requisitos establecidos no artigo 8 desta orde, establecéndose os criterios de valoración por orde de prioridade descritos nos números 2 e 3 do artigo 6 desta orde.

2. A cantidade máxima a asignar a cada explotación será:

a) Se as solicitudes cumpren o criterio establecido na alínea 2 a) do artigo 6, a necesaria para que a cota asignada a cada ATP alcance 220.000 quilogramos, co tope de 60.000 quilogramos para o segundo e seguintes.

b) Para o resto dos casos, e por cada un dos ATP existentes, a menor das seguintes cantidades:

1º Se as solicitudes cumpren o criterio sinalado na alínea 2 b) do artigo 6, a necesaria para que a cota asignada por ATP alcance 220.000 quilogramos ou 60.000 quilogramos.

2º Nos demais supostos, a necesaria para que a cota asignada por ATP alcance 220.000 quilogramos ou 30.000 quilogramos.

Sección terceira
Tramitación e resolución

Artigo 10º.-Presentación das solicitudes.

1. Os produtores de leite que teñan a explotación situada na Comunidade Autónoma de Galicia e estean interesados en obter cantidades de referencia do Banco de cotas, deberán presentar, segundo establece o Real decreto 1540/2006, polo que se modifica o Real decreto 347/2003, do 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea, e se crea o banco coordinado de cotas lácteas, no prazo dun mes desde a entrada en vigor do real decreto, unha solicitude dirixida ao conselleiro do Medio Rural e o director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co modelo incluído como anexo I do real decreto citado que se xunta como anexo I desta orde.

2. As solicitudes presentaranse, preferentemente, nas oficinas agrarias comarcais ou en calquera das oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 11º.-Documentación.

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación, xustificativa do cumprimento dos requisitos exixidos aos solicitantes e ás súas explotacións:

1. Persoas físicas (titular):

a) Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) do titular da explotación.

b) Fotocopia da declaración da renda do exercicio fiscal 2005 do titular.

c) Fotocopia do recibo ou alta de cotización á SSA correspondentes aos meses de xaneiro e outubro de 2006.

d) No caso de declaración conxunta con declaración de rendementos de traballo persoal, certificado de retencións dos citados rendementos.

e) Certificado orixinal do órgano competente da SAT ou cooperativa con autorización de primeiro comprador de leite en que se acredite que o solicitante pertence a ela, na data de entrada en vigor do R.D., entregándolle a totalidade do leite comercializado desde o 1 de abril de 2006.

Outro/s membro/s (cotitulares):

f) Documentación xustificativa de relación en primeiro grao co titular (copia do libro de familia, declaración renda, etc.)

g) Alíneas a), b), c) e d) da documentación para persoas físicas da persoa/s vinculada/s.

2. Persoas xurídicas:

No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís, comunidades de bens e outras persoas xurídicas:

a) Fotocopia do CIF da explotación.

b) Fotocopia do DNI/NIF (anverso e reverso) de todos e cada un dos dous socios da agrupación.

c) Certificado orixinal do secretario da sociedade en que figure a relación actualizada á data de entrada en vigor desta convocatoria dos socios dela.

d) Fotocopia de declaración da renda, correspondente ao exercicio fiscal 2005 dos socios que teñan a condición de ATP.

e) Certificado orixinal da Axencia Tributaria de non ter efectuado declaración, no caso de que os ingresos obtidos o eximan dela.

f) Certificado orixinal de retención correspondente ao 2005 dos rendementos do traballo persoal dos socios.

g) Recibo ou alta de cotización á SSA correspondente aos meses de xaneiro e outubro de 2006 dos socios que coticen.

h) Fotocopia do imposto de sociedades do exercicio fiscal 2005 (S.A., S.L., COOP., SAT, excluídas CB e SC por non estaren obrigadas a presentalo)

i) Certificado orixinal do órgano competente da SAT ou cooperativa con autorización do primeiro comprador de leite en que se acredite que o solicitante pertence a ela, na data de entrada en vigor do real decreto, entregándolle a totalidade do leite comercializado desde o 1 de abril de 2006.

j) Certificado orixinal do órgano xestor da sociedade ou documento acreditativo no caso de comunidades de bens en que conste o acordo de solicitar as cantidades do fondo e a identificación da persoa autorizada para solicitalas.

k) Copia da acta de constitución da sociedade.

Artigo 12º.-Tramitación, resolución e recursos.

1. As solicitudes de adquisición ao Banco de cotas logo de pagamento seguirán os seguintes trámites:

a) As solicitudes presentadas remitiranse aos servizos provinciais de explotacións agrarias para a súa comprobación e análise, os cales, tendo en conta os requisitos, puntuacións e prioridades previstas na presente orde, elaborarán un informe, que elevarán, coa proposta correspondente, ao director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

b) A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias propondrá ao conselleiro do Medio Rural as aprobacións das solicitudes para que dite as

correspondentes resolucións antes do 31 de marzo de 2007, a cal notificará aos interesados para que no prazo e forma establecidos a seguir, se deposite o importe correspondente aos quilos adquiridos na conta que para tal efecto ten habilitada a Dirección Xeral de Gandaría do MAPA.

c) No prazo dun mes a partir da recepción da notificación da resolución, os gandeiros deberán ingresar o importe citado, do prezo das cantidades de cota que figuran nela, na conta corrente do Banco Cooperativo Español, número 0198-0601-68-1155165721, denominada Fondo nacional de cotas lácteas, cuxo titular é a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, remitíndolle unha copia do xustificante de ingreso ao servizo provincial de Explotacións Agrarias.

d) O conselleiro do Medio Rural, unha vez que se comprobe o ingreso efectivo en prazo, emitirá novas resolucións para os gandeiros que non constituíron o devandito ingreso en prazo, nas cales se entenderá que renuncian á asignación, de acordo co artigo 33.1º do Real decreto 347/2003. Non terá efecto a renuncia á asignación unha vez efectuado o ingreso das cantidades correspondentes á adquisición de cota do fondo.

e) Contra as resolucións expresas ou presuntas dos expedientes tramitados en aplicación desta orde que esgotan a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos:

Potestativamente, recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

Directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co previsto na Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. As solicitudes de asignación gratuíta da reserva xestionadas a través do Banco de cotas, seguirán os seguintes trámites:

a) As solicitudes presentadas remitiranse aos servizos provinciais de explotacións agrarias para a súa comprobación e análise, os cales, tendo en conta os requisitos, puntuacións e prioridades previstas na presente orde, elaborarán un informe, que elevarán ao director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias.

b) A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias efectuará a valoración, e remitirá ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun

prazo de dous meses desde a terminación do prazo de presentación de solicitudes, os datos relativos a todas as solicitudes presentadas, incluídas as que non cumpran os requisitos, tal como se indica no artigo 19.2º do Real decreto 347/2003.

c) O director xeral de Gandaría do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ditará a resolución correspondente ás solicitudes de asignación gratuíta de cota antes do 31 de marzo de 2007, e remitirá a cada comunidade autónoma unha relación das cotas asignadas aos produtores cuxa explotación estea situada no seu territorio.

d) Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada, ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As cantidades asignadas terán efecto no período de taxa 2006/2007, excepto aquelas cantidades correspondentes ás entregas certificadas e, se é o caso, as vendas directas declaradas polos beneficiarios do programa de abandono dos cales se nutra o banco, ata o momento de facer efectivo o abandono, que terán efecto no período seguinte.

Artigo 13º.-Inspección e control.

1. A Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias poderá solicitar a documentación complementaria e realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos co fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada.

2. O produtor deberá colaborar nas devanditas inspeccións, proporcionando os datos requiridos e facilitando, se é o caso, o acceso á explotación.

Disposición adicional

En todo o non previsto na presente orde será de aplicación o disposto no Real decreto 347/2003, polo que se regula o sistema de xestión de cota láctea e o Real decreto 1540/2006 polo que se modifica o real decreto anterior e se crea o Banco Coordinado de Cotas Lácteas.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias para ditar as instrucións necesarias para o mellor cumprimento e aplicación do disposto nesta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2006.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I



MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN

PROCEDEMENTO SOLICITUDE AO BANCO DE COTAS LÁCTEAS 06/07	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR402B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/A TITULAR DA EXPLOTACIÓN E DA COTA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN		CIF OU NIF	DATA DE NACEMENTO	DATA CONSTITUCIÓN
ENDEREZO (RÚA/LUGAR)		LOCALIDADE/PARROQUIA		
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL
APELIDOS E NOME DO REPRESENTANTE LEGAL		Nº COTITULARES	Nº ATP	DNI OU NIF
NOME DA EXPLOTACIÓN		ENDEREZO (RÚA/LUGAR)		
LOCALIDADE/PARROQUIA	PROVINCIA	CONCELLO	CEA	

OBSERVACIÓNS: O solicitante ten presentado como trasferidor unha transferencia CON EXPLOTACIÓN por cambio de titularidade entre o 1/12/2005 e o 30/11/2006.

APELIDOS E NOME DO NOVO TITULAR:	DNI/CIF:
----------------------------------	----------

O/a abaixo asinante, titular da explotación sinalada,

SOLICITA:

A adquisición ao Banco de cotas lácteas, previo pago do importe de 0,27 €/Kg. da seguinte cota: kg

A adquisición gratuita da Reserva Nacional da seguinte cantidade de cota: kg

COMPROMÉTESE A:

- Que as cantidades obtidas como asignación gratuita da reserva nacional non poderán ser obxecto de transferencia ou cesión temporal nin de indemnización por abandono, e reintegraránse á reserva nacional no caso de transferencia total ou parcial.
- Non pode transferir nin ceder temporalmente cota ata o período 2010/2011 inclusive.
- A realizar o ingreso correspondente ao valor da cota asignada, no prazo dun mes a partir da recepción da correspondente resolución, na conta corrente do Banco Cooperativo Español, número 0198-0601-68-1155165721, denominada Fondo Nacional de cotas lácteas, cuxo titular é a Secretaría Xeral de Agricultura e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

EXPÓN:

- 1.- Que desexa que unha parte da cota total que lle corresponda no proceso de asignación, lle sexa asignada como cota para venda directa.
- 2.- Coñece as condicións e limitacións establecidas no presente Real Decreto para solicitar a adquisición de cotas ao Banco Nacional Coordinado.
- 3.- Coñece e da a súa conformidade para que os datos persoais contidos na solicitude sexan incluídos en ficheiros automatizados que a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Consellería do Medio Rural posúen para a xestión da cota láctea e sexan utilizados de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter personal.
- 4.- Que cumpre os criterios abaixo marcados:
 - 1) Ter obtido ningún dos tres anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no R.D. 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de acceso á titularidade exclusiva.
 - 2) Ter obtido ningún dos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial á primeira instalación de agricultores mozos das previstas no R.D. 613/2001, do 8 de xuño, na modalidade de:
 - acceso á titularidade compartida ou á cotitularidade.
 - integración como socio.
 - 3) Ter obtido ningún dos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude unha axuda oficial para inversións mediante plans de mellora dos previstos no R.D. 613/2001, do 8 de xuño.
 - 4) Trátase dunha explotación asociativa segundo se define no artigo 2 o) constituída nos dous anos inmediatamente anteriores á solicitude.
 - a) Que é titular dunha explotación familiar ou asociativa que, na data de inicio do período de presentación de solicitudes, ten a consideración de prioritaria, de acordo cos requisitos establecidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, o que acredita mediante a presentación de certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma.
 - b) Que é agricultor profesional, tal e como se define no artigo 2.5º da Lei 19/1995, do 4 de xullo (incompatible co a).
 - c) Obter nos tres anos inmediatamente anteriores á solicitude algunha axuda oficial das previstas nos parágrafos d), g) e h) do artigo 3.2 do R.D.117/2001, do 9 de febreiro ou calquera outra da mesma natureza concedida ao abeiro da normativa derogada polas aludidas anteriormente.
 - d) Que é agricultor mozo e, no caso de explotación asociativa, que o 50% dos socios cumpran a condición establecida en cada un deles.
 - e) A súa explotación está ubicada en zona desfavorecida ou de limitación medioambiental específica. Capítulo V, título II, Rto. (CE) do Consello nº 1257/1999, do 17 de maio.
 - f) Mercou cota a través de transferencia nos últimos dous períodos (2004/05 ou 2005/06).
 - g) Está integrado nun núcleo de control leiteiro.
 - h) Que é titular dunha explotación gandeira cualificada sanitariamente con algunha das cualificacións seguintes:
 - B3 ou indemne de brucelose e T3 ou oficialmente indemne de tuberculose.
 - B4 ou oficialmente indemne de brucelose e T3 ou oficialmente indemne de tuberculose.

ANEXO I

- i) É membro dunha cooperativa para a comercialización de leite que está autorizado como comprador de leite ou de agrupacións de xestión económica.
- j) A súa explotación pertence a unha agrupación de defensa sanitaria de gando vacún de leite.
- k) Está inscrito nunha denominación de calidade ou indicación xeográfica protexida ou similares, relativas ao leite ou produtos lácteos.
- l) É unha explotación asociativa das contempladas no artigo 2.o) do R.D. 347/2003, do 21 de marzo.
- m) É muller o titular ou o cotitular e, no caso de explotación asociativa, polo menos o 50 % dos socios son mulleres.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA:**1.- Persoas físicas (titular)**

- a) Fotocopia do DNI/CIF (anverso e reverso) do titular da explotación.
- b) Fotocopia da declaración da renda do exercicio fiscal 2005 do titular.
- c) Fotocopia do recibo ou alta de cotización á SSA correspondentes aos meses de xaneiro e outubro de 2006.
- d) No caso de declaración conxunta con declaración de rendementos de traballo persoal, certificado de retencións dos citados rendementos.
- e) Certificado orixinal do órgano competente da SAT ou Cooperativa con autorización de primeiro comprador de leite no que se acredite que o solicitante pertence á mesma, na data de entrada en vigor do R.D., entregándolle a totalidade do leite comercializado dende o 1 de abril de 2006.

Outros membros (Cotitulares)

- f) Documentación xustificativa da relación en primeiro grao co titular (copia do libro de familia, declaración da renda, etc).
- g) Apartados a), b), c) e d) da documentación para persoas físicas da/as persoa/s vinculada/s.

2.- Persoas xurídicas:

No caso de cooperativas agrarias de produción, SAT, sociedades civís e outras persoas xurídicas, ou comunidades de bens:

- A) Fotocopia do CIF da explotación.
- B) Fotocopia do DNI/CIF (anverso e reverso) de todos e cada un dos socios da agrupación.
- C) Certificado orixinal do secretario da sociedade no que figure a relación actualizada a data _____ da mesma.
- D) Fotocopia da declaración da renda, correspondente ao exercicio fiscal 2005 dos socios que teñan a condición de ATP.
- E) Certificado orixinal da Axencia Tributaria de non ter efectuado declaración no caso de que os ingresos obtidos o eximiran da mesma.
- F) Certificado orixinal de retencións correspondente ao exercicio fiscal 2005 dos rendementos de traballo persoal, dos seus socios .
- G) Recibo ou alta de cotización á SSA correspondente aos meses de xaneiro e outubro de 2006 dos socios que coticen.
- H) Fotocopia do Imposto de Sociedades do exercicio fiscal 2005 (S.A., S.L., COOP., SAT, excluídas CB e SC por non estaren obrigadas a presentalo).
- I) Certificado orixinal do órgano competente da SAT ou Cooperativa con autorización de primeiro comprador de leite no que se acredite que o solicitante pertence á mesma, na data de entrada en vigor do R.D., entregándolle a totalidade do leite comercializado dende o 1 de abril de 2006.
- J) Certificado orixinal do órgano competente da sociedade ou documento acreditativo no caso de comunidades de bens no que conste o acordo de solicitar as cantidades do fondo e a identificación da persoa autorizada para solicitalas.
- K) Acta de constitución da entidade.

En _____, a _____

O SOLICITANTE

Asdo.: _____